

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

16119 *Real decreto 1339/2011, do 3 de outubro, polo que se derroga o Real decreto 1630/1980, do 18 de xullo, sobre fabricación e emprego de elementos resistentes para pisos e cubertas.*

Hai máis de 30 anos, por proposta dos daquela ministros de Obras Públicas e Urbanismo e de Industria e Enerxía, aprobouse o Real decreto 1630/1980, do 18 de xullo, sobre fabricación e emprego de elementos resistentes para pisos e cubertas. Nesta disposición estableceuse que os sistemas de forxados ou estruturas para pisos e cubertas que se pretendesen industrializar para o seu emprego en edificación deberían dispor de autorizacións de uso. Neste sentido, durante todo este tempo outorgáronse autorizacións de uso a innumerables sistemas fabricados en España, coas conseguíntes garantías para a seguridade e calidade dos forxados e, en consecuencia, dos edificios aos cales se incorporaban.

Tras a adhesión de España á Unión Europea débese aplicar a Directiva 89/106/CEE, do Consello, do 21 de decembro de 1988, relativa á aproximación das disposicións legais, regulamentarias e administrativas dos Estados membros sobre os produtos de construción, onde se estableceu que os Estados membros non porían obstáculos á libre circulación dos produtos de construción que levasen a marcación CE.

A citada directiva foi trasposta ao dereito interno español mediante o Real decreto 1630/1992, do 29 de decembro, modificado polo Real decreto 1328/1995, do 28 de xullo, tendo unha posta en práctica progresiva ao longo do tempo, de forma que a súa aplicación real para as distintas familias de produtos de construción tivo lugar gradualmente na medida en que estiveron dispoñibles as correspondentes normas europeas harmonizadas, que permiten a obrigada marcación CE por parte dos fabricantes.

Este proceso de dispoñibilidade das normas europeas harmonizadas relativas a elementos prefabricados de formigón que forman parte dos sistemas de forxado para pisos e cubertas foi culminado, o que se fixo patente na Resolución do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio do 17 de maio de 2010, onde se publican as referencias das normas UNE que son transposición das correspondentes normas harmonizadas destes produtos, así como o período de coexistencia e a entrada en vigor da marcación CE. A partir dese momento, por tanto, xa é exigible a marcación CE para todos eles.

Consecuentemente co anterior, procede derrogar o Real decreto 1630/1980, do 18 de xullo, por incompatible coa libre circulación destes produtos, ao impor procedementos distintos ao que exige a Directiva 89/106/CEE sobre produtos de construción.

Esta derogación supón a retirada efectiva da regulamentación técnica nacional incompatible coa norma harmonizada europea desde o 1 de xaneiro de 2011, porque a non aplicación do Real decreto 1630/1980 e a plena vixencia da citada norma harmonizada europea, xa quedou establecida pola disposición adicional primeira do Real decreto 1247/2008, do 18 de xullo, polo que se aproba a instrución de formigón estrutural (EHE-08).

Na tramitación deste real decreto cúmplíronse os trámites establecidos na Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, e foron oídos as comunidades autónomas e as asociacións profesionais e os sectores afectados.

Este real decreto ten carácter básico e dítase ao abeiro das competencias que se lle atribúen ao Estado no artigo 149.1.13.^a da Constitución española, en materia de bases e coordinación da actividade económica.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Fomento e de Industria, Turismo e Comercio, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 30 de setembro de 2011,

DISPOÑO:

Artigo único. *Derrogación normativa.*

Queda derrogado o Real decreto 1630/1980, do 18 de xullo, sobre fabricación e emprego de elementos resistentes para pisos e cubertas, e cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto ten carácter básico e dítase ao abeiro das competencias que se lle atribúen ao Estado no artigo 149.1.13.^a da Constitución española, en materia de bases e coordinación da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 3 de outubro de 2011.

JUAN CARLOS R.

O ministro da Presidencia,
RAMÓN JÁUREGUI ATONDO